

¿Por onde é que vai a poesía?

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2010]). “¿Por onde é que vai a poesía?”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 1 de agosto, 30. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/448>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2010). “¿Por onde é que vai a poesía?”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 1 de agosto, 30.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

“E como é natural, e moi natural, existen poetas galegos que non esquecen a cousa (nin a causa) erótica. O que sempre alegra ao persoal”

¿Por onde é que vai a poesía?

LIBROS

VICENTE ARAGUAS




Éis a pregunta pouco doada de respostar, a resposta imposible de dar polo de agora, cando no panorama poético galego, na pota da poesía, andan a se remexer moitas, moitísimas substancias.

E unha delas será a que se impoña riba das outras, tamén de momento, marcando escola momentánea, que nada é para sempre (tampouco para nunca, segundo se vexa).

O único que sabemos é que hoxe comeza primar unha tendencia irracionalista, co seu aquel de homérica (para esta expresión vid. “The Quiet Man” de John Ford, e a noite de bodas que se marcan John Wayne e Maureen O’Hara), e debo dicir que fóra de Galicia hai quen, con criterio e si- so, pregunta por esta maneira de escribir (se cadra tamén de querer).

Semellante escola anda entre a poesía e a prosa, e xa que logo pode prestarse a ambigüidades, cando non –abertamente– ao fraude (conceptual e estilístico). Mais, en fin, eis unha maneira posible de saída ao “cul de sac”. Ao caleixón sen saída no que se encontra hoxe a poesía da experiencia. Tan manida e resesa por causa do abuso ao que se ten visto sometida. A poesía confesional, a do “vouche contar a miña vida que despois ti xa me contarás a túa” precisa dunha moratoria urxentísima porque máis do mesmo, de momento, semella pouco doado (ou directamente) aborrecible e, mesmo, letal.

Logo están os refugallos culturalistas, aquela praga que veu onde nós unha vez que desaparecera a dictadura, e con ela aquela compulsión socio-política que nos levou, a algúns, a aborrecer ás mapoulas, miñaxoias. E que xa eran demasiados aqueles “menceres de mapoulas”, cal preludios da revolución que se anunciaba como cousa inevitable. Por certo, hai quen anda hoxe a escribir poemas políticos, con aires novos (e con donaire), o que non deixa de ser



María Lado e Lucía Aldao no espectáculo “Moita poesía, pouca diversión”

VARIETADE

“Tamén hai surrealismos, neopopularismos ou gamberrismos (eles dirían ghamberrismos)”

unha boa nova. E, como é natural, e moi natural, existen poetas galegos que non esquecen a cousa (nin a causa) erótica. O que sempre alegra ao persoal. Erotismo convencional ou desde a materia telúrica, ou “enxebre”, o que xa nos levaría por outras derrotas (que non desfeitas: se cadra, tamén).

Repasando estas tendencias reparo en que podería engadir

lles, algunha como complemento, surrealismos, neopopularismos e, mesmo, gamberrismos (eles dirían ghamberrismos) que servirían para completar un panorama do máis variopinto. Chegando a este punto debo dicir que semellante variedade non nos permite albiscar (menos, profetizar) cara a onde van os tiros da poesía galega actual. Na que tampouco é que se vexan, algo que Basilio Losada xa sinalaba hai ben de anos, esa nomenclatura indiscutible, eses buques insignia que vaian indicando por onde se move a navegación.

Así que toca agardar, a velas vir, a ir virándoas, non sei. Sendo isto último o máis certo do futuro poético que espera. Non sei. Non sabemos. E se cadra eis a graza do choio.